

**Comentarios no [blog do ies Sánchez Cantón](#) no curso 2007-2008**

1. Este libro gustoume porque mestura moi ben os relatos na Galicia antiga e os de Galicia moderna, así como as aventuras e o amor. Tamén me gustou porque me gustan moito os libros de temática artúrica. Non houbo personaxe que non me gustase, para min, cada un ten as súas partes boas e as súas partes malas, polo que non penso que un sexa mellor ca outro: Galván, a súa decisión de loitar xunto seu tío aínda que lle custe a vida; Silvania, non desistir no seu amor cara Galván aínda que este estea moi lonxe, etc. A parte que máis me gustou foi o capítulo final, cando Galván sobrevoa o pobo onde estivo mentres non comezaba a loita final polo reino de Artur. Gustoume porque me parece moi bonito que volva ao pobo para ... Finalmente e para resumir, gustoume moito o libro e recoméndollo ás persoas que lles gusten os libros que traten as lendas do rei Artur e que mesturen o amor e a aventura. (M. **Teresa**)

2. Foi un dos libros que menos me gustou dos que lin este curso. Pareceume un pouco pesado e demasiado descritivo, a historia transcorre moi lentamente. Sen embargo creo que está moi ben a mestura que fai entre o pasado e a actualidade, aínda que ás veces daba pé a confusións e non entendo exactamente que finalidade ten isto. Galván, o protagonista da historia, é o típico heroe das novelas de aventuras, valente, invencible e cun labor por cumprir, ademais de ter que abandonar a súa amada. En conclusión, non me gustou moito pero se a alguén lle gustan os libros do tema de Bretaña e o Rei Arturo, quizais lle sexa interesante.